

## **B A S E S PARA A CONTRATACIÓN DE 2 CONDUTORES PARA AS BRIGADAS MUNICIPAIS 2016**

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a dous peóns conductores de brigada obxecto do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Estrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

**2.- CONDICIÓNS.**- Duración do contrato: Tres meses

O horario laboral será xornada completa.

Percibirán a cantidade mensual bruta de 1.200,00 euros, por tódolos conceptos incluídas a parte correspondente das pagas extraordinarias.

**3.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**- Para poder formar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate do prazo de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

— As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

e) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

**4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- -As instancias dirixiranse ó Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no prazo de cinco días, contados a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e na web municipal. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de A Estrada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso resulta aconsellable que os aspirantes comuniquen mediante fax ou correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito,

no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañarase compulsadas:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia do carné de conducir tipo B
- c) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 2 ou equivalente), de posuilo .
- d) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 10,00 euros os cales serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191) ; no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza.

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

#### 5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

#### **5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Estará constituído polos seguintes membros:

##### **Presidente:**

Titular: D. Carlos Failde Pereiras (Coordinador-Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil de A Estrada)

Suplente: D. Miguel A. Durán Constenla (Conductor do Concello da Estrada)

##### **Secretario:**

Titular: Dna. María Jesús Fernández Bascuas (Administrativo de Administración Xeral do Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Mónica Cardona Constenla (Auxiliar Administrativo do Concello da Estrada)

##### **Vogais:**

Titular: D. Ramón Brea Villaverde (Enxeñeiro Técnico Agrícola do Concello da Estrada)

Suplente: D. Jesús María Rey Rilo (Conductor do Concello da Estrada)

Titular: D. Jesús Brea Regengo ( Axudante da Oficina do Rural do Concello da Estrada)

Suplente: Dna. M<sup>a</sup> Rita Rivas de la Iglesia (Economista do Concello de A Estrada)

Titular: Dna. Maria Herminia Porto Valcárcel ( Administrativo do Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Paula Yebra Rovira (Recadadora do Concello da Estrada)

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a relación de admitidos e excluídos ás probas, así como a data e lugar de celebración do exercicio obrigatorio.

Os aspirantes excluídos disporán do prazo de 2 días para presentar as alegacións/documentación que consideren oportuna, e subsanar, de ser o caso, o erro que dou lugar á exclusión.

**6.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.-** Os interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo as probas que a continuación se describen:

**1.- Proba teórica:** Consistirá na resolución dun exame tipo test, de 30 preguntas con respostas alternativas, sobre o temario que figura no Anexo. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario 5 puntos para aprobar.

#### PROBA DE GALEGO

Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 2 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os/as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os/as aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

**7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.-** Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. As persoas que que consigan maior puntuación serán propostas ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas das prazas convocadas. En caso de empate, valorarase ter experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais.

**8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-** Os candidatos propostos para a contratación someteráanse con carácter previo, á realización das probas físicas de esforzo (banco) e un recoñecemento médico sendo necesario obter a condición de APTO. A formalización do contrato terá lugar en canto os interesados presenten a documentación pertinente.

**9.- RECURSOS.-** Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## **ANEXO TEMARIO**

- 1.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.
- 2.- Os vehículos autobomba todo terreo. As bombas de impulsión: mantemento, funcionamento. Conducción en terreo aberto. A aproximación ao lume. Elección do punto de estacionamento e primeiro ataque.
- 3.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de mangueira. Coordinación do binomio cuadrilla-vehículo autobomba. A dirección de extinción.
- 4.- A toma de auga. O emprego de aditivos: tipos e utilización.
- 5.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes.
- 6.- A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais.
- 7.- O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.
- 8.- A Administración Local.
- 9.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal.
- 10.- A poboación: Competencias municipais.

A ESTRADA, 8 de xullo de 2016  
O ALCALDE